

Estimadas familias:

Coa presente circular informámosvos do proxecto de **APRENDIZAXE SERVIZO** que levaremos a cabo co alumnado da materia de **BIOLOXÍA-XEOLOXÍA** de 4º ESO, enmarcado dentro do **PROXECTO SWI** (Small World Initiative). *Máis información* : <https://www.ucm.es/small-world-initiative/proyecto>

A Aprendizaxe-Servizo (ApS) trátase dunha metodoloxía educativa que integra os procesos da aprendizaxe coa realización de tarefas de servizo á comunidade. Pensamos que é a mellor maneira para traballar o obxectivo vicenciano do colexio no presente curso: **"SABER MÁIS PARA SERVIR MELLOR"**.

O noso alumnado traballará xunto cos alumnos do grao de Farmacia da USC no marco SWI que é un proxecto de CIENCIA CIDADÁ para **DESCUBRIR** novos antibióticos e fomentar a cultura científica.

O conxunto de actividades propostas levaranse a cabo no laboratorio do colexio onde os vosos fillos serán titorizados por alumnado da USC do Grao de Farmacia baixo a supervisión de profesorado do colexio e da Universidade.

Para levalo a cabo empregaranse sesións lectivas da materia de Bioloxía e outras polas tardes en horario non lectivo, segundo o seguinte calendario:

Nº SESIÓN	DATA	HORARIO
1ª SESIÓN-AULA	XOVES 15 FEBREIRO	17:00 -18:30 h
2ª SESIÓN-LABORATORIO	VENRES 16 FEBREIRO	17:00 -18:30 h
3ª SESIÓN-AULA	LUNS 19 FEBREIRO	11:30 – 12:30 h
4ª SESIÓN-LABORATORIO	XOVES 22 FEBREIRO	17:00 -18:30 h
5ª SESIÓN-LABORATORIO	LUNS 26 FEBREIRO	11:30 – 12:30 h

Tal e como se informou aos alumnos na aula, esta actividade non é obrigatoria pero facémosvos partícipes da súa importancia e da sorte de ser elixidos como centro pioneiro para participar neste programa, por iso animamos aos vosos fillos a que se comprometan responsablemente co proxecto.

Un saúdo.

Equipo directivo



D/Dª:----- con DNI: -----

AUTORIZO ao meu fillo/a: ----- a participar no PROXECTO APS-SWI que se desenvolve dentro da materia de Bioloxía-Xeoloxía de 4º ESO.

Asdo: